

Acta da Xunta de Escola extraordinaria do 20 de abril de 2012

Anexos:

- I. Convocatoria de Xunta de Escola do 20/04/2012.
- II. Asistentes á Xunta de Escola do 20/04/2012.
- III. Memoria económica e liquidación do orzamento do ano 2011.
- IV. Orzamento para o ano 2012.

Ábrese a sesión ás 13 horas e 37 minutos na Sala de Xuntas do módulo de Dirección da E.T.S.E. de Minas, presidida polo Director, e se trata o punto único da orde do día:

- **Aprobación, se procede, de: memoria económica e liquidación do orzamento 2011; subvención e aval para o CARTEL; e orzamento para o ano 2012.**

O Director da E.T.S.E. de Minas fai unha exposición do punto a tratar e aclara que no orzamento do ano 2012 non van incluídos os fondos do VAD que a Universidade outorga cada ano por non ter coñecemento aínda da cantidade asignada.

Os orzamentos inclúen a axuda solicitada polo CARTEL. Os representantes do CARTEL aceptan a axuda e o aval coas mesmas condicións que en anos anteriores.

A Dirección agradece á Administradora do Centro, Ana Cacheiro, a súa participación na elaboración de memoria 2011 e o orzamento 2012.

Sométese a aprobación o punto da orde do día co seguinte resultado:

Votos a favor: 15

Votos en contra: 2

Abstenciones: 14

Polo tanto, a Xunta de Escola aproba a memoria económica e liquidación do orzamento 2011; a subvención e aval para o CARTEL; e orzamento para o ano 2012.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 48 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, vinte de abril de dous mil doce.

Vº e Prace
O Presidente

O Secretario

Pedro Arias Sánchez

Enrique Granada Álvarez

ANEXO I

Convocatoria de Xunta de Escola do 20/04/2012

ANEXO II

Asistentes á Xunta de Escola do 20/04/2012

Asistentes Xunta de Escola ordinaria 20/04/2012

PROFESORES	
1.	Presidente: Pedro Arias Sánchez
2.	Secretario: Enrique Granada Álvarez
3.	Alejano Monge, Leandro
4.	Bajo Palacio, Ignacio
5.	Caparrini Marín, Natalia
6.	Carrillo González, Camilo José
7.	Correa Otero, Antonio
8.	Correa Otero, José María
9.	Eguía Oller, Pablo
10.	García Bastante, Fernando
11.	Martín Suárez, José Enrique
12.	Pérez Pérez, M ^a Carmen
13.	Rivas Brea, Teresa
14.	Saavedra González, Ángeles
15.	Sánchez Bermúdez, Anxo
16.	Taboada Castro, Javier
17.	Vázquez Dorrío, José Benito
18.	Vijande López, Javier
ALUMNOS	
1.	Casal Echevarría, Alexandre
2.	Castro Filgueira, Uxía
3.	Faro Malvar, Diego
4.	Fernández Rodríguez, David
5.	García Iglesias, Jaime
6.	Gómez Pérez, Gema
7.	Juncal Rosales, Mariola
8.	López Pereira, Alejandro
9.	Oliveira Aboy, Diego Antonio
10.	Puga Alonso, Javier
11.	Sánchez Pereira, Lucía
12.	Sanmartín Rey, Susana
13.	Veleiro Pinal, Iván
14.	Vidal Fontenla, Alejandro
PAS	
1.	Romo Pérez, M ^a del Carmen

Total membros Xunta de Escola :	48
Asistentes	33

Escusan a súa asistencia:

- Elena Alonso Prieto
- Lino José Álvarez Vázquez
- María Araújo Fernández
- Alfonso Mandado Vázquez
- Enrique Orche García
- Marcos González Bello

ANEXO III

Memoria económica e liquidación do orçamento do ano 2011

MEMORIA ECONÓMICA E LIQUIDACIÓN DO PRESUPOSTO 2011

ETS. ENXEÑARÍA MINAS

Introdución

O importe do presuposto asignado á E.T.S. de Enxeñaría de Minas correspondente ós créditos descentralizados para o exercicio 2011 sumaba un total de **82.728,00€**, se temos en conta que, a cantidade correspondente ós remanentes específicos do exercicio presupostario 2010 foi de **6.625,51€** que se realizou unha transferencia dende a partida de subministracións do Edificio de **15.451,61€** o crédito definitivo alcanzou un total de **104.805,12€**

No que atinxe ós créditos para o ano 2011 o igual que en anos anteriores os Centros reciben financiamento por dúas vías:

- a) O financiamento básico do exercicio precedente. Coas mesmas partidas existentes dos capítulos II e VI (reducíndose o importe dos créditos un 10% con respecto aos do ano 2010) e coa mesma vinculación por artigos que permite que algún concepto excedentario financie os deudores. Manténdose nembargantes a vinculación a nivel de subconceptos no 226.01 “Atencións protocolarias”, asociado aos gastos sociais de representación da escola, na 229.03 “delegación de alumnos”, relacionado co órgano de representación do alumnado, e na 229.04 “prácticas de campo”, que soporta gastos relativos ás prácticas de campo e saídas de estudos.
- b) O financiamento condicionado por produción docente que resultará da distribución por criterios de calidade e que se ingresou na partida 228.02 “produción docente”

A liquidación global do presuposto é a que se reflicte no cadro final (páx. 4) pasándose seguidamente a analizar por separado os importes aproximados correspondentes os conceptos principais do gasto.

Concepto 220: Material de oficina

Principais gastos:

Basicamente os gastos principais corresponden a: material de oficina, material informático funxible e fotocopias de dirección, área académica, área económica e conserxería; fichas alumnos, papel de exame, trípticos, dípticos, lonas promocionais das titulacións da escola, material de imprenta, encadernación de actas, reposición de material informático nas aulas informáticas e outros pequenos gastos cun custo aproximado de 12.000,00€, sendo de destacar este ano a edición do libro correspondente ao IV Certame de Fotografía Mundo Mineiro 2011 cun custo de 3.154,42€

Comentario:

Na execución final da partida e xurdindo gastos imprevistos resultou un saldo negativo de 5.705,45€ que foi sufragado dende a partida de subministracións do Edificio mediante a vinculación do artigo 22.

Subconcepto 221.02: Subministracións de docencia

O concepto 221.02 comprende as subministracións de docencia funxibles relativos ás áreas segundo o reparto que se fixo entre as mesmas e que foi aprobado na Xunta de Escola, executándose neste ano 2011 a totalidade do presuposto (17.299,00€). O resultado deficitario da partida que se debe a adquisición por parte do Centro de subministracións de docencia para as aulas informáticas financiouse dende a partida de subministracións do Edificio mediante a vinculación do artigo 22.

Concepto 222: Comunicacions

Neste exercicio presupostario, e de acordo ós criterios de distribución e normas complementarias de execución dos créditos descentralizados para o ano 2011, estableceuse que o pagamento dos gastos telefónicos xestionaríase de maneira centralizada, en función dun límite de crédito do que disporían as diferentes unidades administrativas para gastos de teléfono, ó non superar dito límite neste exercicio económico os únicos gastos asumidos por esta partida foron o do consumo telefónico dos móbiles de dirección e da terceira parte do da administradora por un importe aproximado de 3.000,00€ resultando un saldo negativo de 697,16€ que foi financiado dende a partida de subministracións do Edificio mediante a vinculación do artigo 22.

Subconcepto 227.09: Traballos realizados por outras empresas

Neste concepto soportáronse os seguintes gastos: limpeza das alfombras dos hall de entrada por importe de 1.300,00€ traballos de actualizacións nos equipos informáticos das aulas por importe de 1.400,00€ tamén se imputaron nesta partida uns 1.500,00€ de desprazamentos para prácticas de campo que a partida dotada para tal efecto non puido soportar o xurdir gastos non presupostados e por último contabilizouse nesta partida o custe de traballos de deseño e maquetación relacionados coa difusión e promoción das titulacións da escola (435,53€).

Por último compre subliñar que o saldo positivo desta partida financiou parte do déficit da partida de Conferencias mediante a vinculación do artigo 22.

Subconcepto 228.02: Conferencias

Imputáronse nesta partida en execución do presuposto os gastos xerados polas conferencias impartidas en centros de ESO e Bacharelato, Semana da Ciencia 2011 e participación en Xornadas relacionadas coa difusión e promoción das titulacións da escola, resultando un saldo negativo de 6.320,00€ que en virtude da vinculación por artigos financiouse dende a partida subministracións do Centro.

Concepto 230: Indemnizacións por razón de servizo

Imputáronse por importe de 3.684,00€ dietas e gastos de locomoción relacionados esencialmente coa participación na Reunión de AIESMIN, en Xornadas de Orientación, derivadas da itinerancia da Exposición de Recursos Naturais de Galicia ou de diversas reunións de directores de escolas. Non sendo suficiente ó crédito presupostado foi necesario realizar unha transferencia de crédito dende a partida subministracións do Centro por importe de 1.000,00€

Concepto 229.04: Prácticas de campo

Imputáronse por un importe total de 4.860,00€ todos os gastos xerados polas diversas practicas de campo debidamente autorizadas e consumiuuse totalmente o crédito presupostado para o ano 2011. Parte das saídas de campo foron sufragadas con cargo ao subconcepto 227.09 por un importe aproximado de 1.110,00€

Concepto 280.02: Producción docente

Este concepto foi dotado con 18.146,11€ seguindo os criterios de calidade docente e aplicando ós índices definidos nas normas de execución do presuposto, imputándose os seguintes gastos:

- axuda celebración Foro Tecnolóxico 800,00€
- actuacións para a promoción Escola (lona frontal do edificio, visitas ao centro xestionadas pola Universidade de Vigo, participación Reunión AIESMIN, traducións, pasaportes, trípticos, bolsas, mapas, carteis, anuncios en prensa, camisetas carreira popular Santa Bárbara,)
12.116,35€
- axuda ó Cartel de Minas 3.000,00€
- deseño cartelería Concurso Fotográfico “Mundo Mineiro 2011” 693,36€
- outros pequenos gastos 1.500,00€

Concepto 482.24: Bolseiros programa de calidade

Nesta partida foi executado o remanente incorporado dende o ano 2010 por importe de 4.000,00€ para a retribución dos dous bolseiros colaboradores durante o ano 2011.

Concepto 625: Mobiliario e equipamento

Neste concepto inclúense os gastos con destino ós investimentos que van entrar por primeira vez en funcionamento como mobiliario en xeral, equipos de oficina, equipos informáticos, equipos audiovisuais, software etc.

Como gastos principias acometéronse os seguintes:

- adquisición de equipamento informático (armario de seguridade almacenamento de PCs, 12 PCs para préstamo, impresora,.....) por importe de 6.700,91€
- adquisición de retroproectores, videoproectores e pantallas,... por importe de 4.132,36€
- adquisición e reposición de mobiliario Centro (mesa y conxionado en Aula de Grado) por importe de 3.566,73€

LIQUIDACIÓN DO PRESUPOSTO 2011

		CRÉD. DEFINIT.	GASTADO	COMPROMETIDO	DISPONIBLE
CAP. II.- GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS					
Vinculantes a nivel de artigo					
Art. 22.- Material, subministracións e outros					
220	Material de oficina	11.800,00	17.505,45	0,00	-5.705,45
221.01	Subministrados administrativos	14.451,61	0,00	0,00	14.451,61
221.02	Subministrados docentes	17.299,00	19.561,81	0,00	-2.262,81
222	Comunicacións	3.250,00	3.947,16	0,00	-697,16
223	Transportes	0,00	0,00	0,00	0,00
227.09	Traballos realizados por outros	6.025,40	5.491,59	0,00	533,81
228.02	Conferencias	1.350,00	7.670,00	0,00	-6.320,00
Total vinculante artigo 22:		54.176,01	54.176,01	0,00	0,00
Art. 23.- Indemnizacións por razón de servizo					
230	Indemnizacións por razón de servizo	3.700,00	3.684,45	0,00	15,55
Total vinculante artigo 23:		3.700,00	3.684,45	0,00	15,55
Vinculantes a nivel de subconcepto					
226.01	Atencións protocolarias	2.715,00	2.714,99	0,00	0,01
229.03	Delegación de alumnos	2.808,00	2.808,00	0,00	0,00
229.04	Prácticas de campo	4.860,00	4.860,00	0,00	0,00
280.02	Producción docente	18.146,11	18.146,11	0,00	0,00
TOTAL CAPÍTULO II:		86.405,12	86.389,56	0,00	15,56
CAP. IV.-TRANSFERENCIAS CORRENTES					
482.11	Bolseiros colaboradores	4.000,00	4.000,00	0,00	0,00
TOTAL CAPÍTULO IV:		4.000,00	4.000,00	0,00	0,00
CAP. VI.- INVESTIMENTOS					
Art. 62.- Inversións asociadas ao funcionamento dos servizos					
625	Mobiliario e equipamento	14.400,00	14.400,00	0,00	0,00
TOTAL CAPÍTULO VI:		14.400,00	14.400,00	0,00	0,00
TOTAL CAPÍTULOS II, IV E VI:		104.805,12	104.789,56	0,00	15,56

ANEXO IV

Orzamento para o ano 2012

PRESUPUESTO 2012

E.T.S. de Enxeñaría de MINAS

DISTRIBUCIÓN CRÉDITOS DEFINITIVOS

1.- INTRODUCCIÓN

De acordo ao orzamento do ano 2012 da Universidade de Vigo, descentralízanse os créditos dos capítulos II e VI, distribuíndose de conformidade cos criterios de descentralización que se establecían no anexo I “Criterios de distribución e normas complementarias de execución dos créditos descentralizados para o ano 2012” do presuposto da Universidade de Vigo que contempla unha minoración nas partidas do Centro dun 10% con respecto ó 2011.

Unha vez comunicada informáticamente polo Servizo de Contabilidade a dotación inicial dos créditos descentralizados correspondentes ó Centro cómpre proceder á distribución dos créditos desta Escola.

2.- CRÉDITOS CONSIDERADOS

Os créditos asignados terán como finalidade financiar os gastos de docencia así como tamén os gastos necesarios para o funcionamento ordinario do centro e como ven sendo habitual nos exercicios anteriores, no ano 2012 os centros van recibir financiamento por dúas vías:

- a) Establécese un financiamento básico do presuposto do 2012 nos Capítulos II e VI que foi dotada segundo as necesidades do Centro.
- b) Establécese o financiamento adicional por “producción docente” que resultará da distribución segundo os indicadores de calidade docente.
- c) Dada a situación de compartir edificio con outro centro, os gastos da xestión do edificio e instalacións, así como os gastos de subministracións e mantemento (auga, luz, gasóleo, etc) serán comúns.

Ó igual que nos exercicios presupostarios anteriores na dotación dos créditos débese ter en conta que os gastos de teléfono xestionaranse de maneira centralizada, asemade os gastos destinados á Biblioteca serán asumidos directamente pola Biblioteca Central.

Cómpre destacar no presuposto do ano 2012 a vinculación dos créditos por artigos, excepto os que se relacionan a continuación que vinculan no nivel de desagregación que se indica:

- 226.01 Atencións protocolarias
- 229.03 Delegación de alumnos
- 280.02 Producción docente

No exercicio 2012 o orzamento inicial asinado á E.T.S.E. de Minas ascende a un total de **64.574,00 €** (Cadro D). Así mesmo débese ter en conta que o orzamento definitivo ven definido pola suma do orzamento básico (**64.574,00 €**) e o adicional por Producción docente que está pendente de dotación.

CADRO I

DOTACIÓN INICIAL CRÉDITOS DESCENTRALIZADOS DA E.T.S ENX. MINAS

IMPORTES		ABSOLUTOS
Concepto	Denominación do gasto	2012
220	Material de oficina	10.800,00 €
221.02	Subministracións docentes	17.299,00 €
222	Comunicacións	2.250,00 €
226.01	Atencións protocolarias	2.715,00 €
227.09	Traballos outras empresas	5.400,00 €
229.03	Delegación de alumnos	2.800,00 €
229.04	Prácticas de campo	4.860,00 €
228.02	Conferencias	1.350,00 €
230.01	Indemnización razón servizo	2.700,00 €
280.02	Producción docente	00,00€
TOTAL CAPITULO II		50.174,00 €
625	Mobiliario e equipamento	14.400,00 €
TOTAL CAPITULO VI		14.400,00 €
TOTAL CAPÍTULO II E VI		64.574,00 €

Os créditos asinados á Delegación de alumnos terán como primeiro obxectivo atende-los gastos derivados das súas actividades propias e dos seus representantes nos órganos de goberno da Universidade. Para que estas dotacións poidan financiar gastos de carácter inventariable é necesario que por parte do Director ou Administrador do centro se solicite a correspondente modificación de crédito, sen que en ningún caso esta poida dar lugar a un incremento do gasto.

Os créditos definitivos segundo a súa clasificación económica en artigos, conceptos e subconceptos é a que segue:

3.- DISTRIBUCIÓN CRÉDITOS EJERCICIO 2012

Considerando os créditos definitivos a distribución destes nos capítulos II, IV e VI segundo a súa desagregación en conceptos e subconceptos é a que de seguido se indica: a distribución do crédito efectúase considerando tanto os gastos xa autorizados ou comprometidos como unha previsión dos que se poderían abordar no que resta de exercicio. Para cada unha das aplicacións a distribución é a que segue:

220.- Material de oficina:

Comprende os gastos ordinarios de material de oficina, prensa, libros, publicacións, fotocopias, encadernacións, material para funcionamento de equipos informáticos, de transmisión e outros de administración e dirección.

Previsión	Importe
Material de oficina centro	7.755,00 €
Total	7.755,00 €

221.02.- Subministracións Docentes:

Comprende gastos de reactivos, material funxible, fotocopias, gases de uso docente, etc. Dado o carácter vinculante e limitativo do subconcepto 221.02, imputaranse tódolos gastos de docencia (fotocopias, material oficina e en xeral todo o material funxible adicado á docencia).

Previsión	Importe
Subministracións Docentes (Reparto áreas)	17.299,00 €
Total	17.299,00 €

222.- Comunicacións:

Inclúe gastos por servizos postais non ordinarios e de telefonía móbil, estando os gastos por servizos telefónicos fixos centralizados.

Previsión	Importe
Telefonía móbil	2.250,00 €
Total	2.250,00 €

Só se asumirán por este concepto os gastos de correos e telefonía móbil correspondentes a administración e dirección.

227.09.- Traballos realizados por outras empresas:

Previsión	Importe
Limpeza alfombras	1.400,00 €
Desprazamento Cartel	3.000,00 €
Outros pequenos gastos	1.000,00 €
Total	5.400,00 €

226.01.- Atencións Protocolarias.

Incluiranse os gastos autorizados polo Centro para gastos sociais e de representación.

Previsión	Importe
Atencións Protocolarias	2.715,00 €
Total	2.715,00 €

228.02.- Cursos e Conferencias.

Incluiranse os gastos autorizados polo Centro para cursos e conferencias.

Previsión	Importe
Conferencias	1.350,00 €
Total	1.350,00 €

229.04.- Prácticas de Campo.

Incluiranse os gastos autorizados polo Centro para a realización das prácticas de campo non podendo autorizarse transferencias de crédito dende esta partida segundo consta nos presupostos da Universidade.

Previsión	Importe
Prácticas de campo	4.860,00 €
Total	4.860,00 €

280.02.- Producción Docente.

Comprenderán actividades que sirvan para a mellora da Docencia na E.T.S.E. de Minas.

Previsión	Importe
Total	00,00€

230.01.- Indemnizacións por razóns do servizo:

Imputaranse gastos de dietas, locomoción, traslados e outras indemnización por razón do Servizo correspondente á dirección do centro.

Previsión	Importe
Desprazamentos e dietas de dirección	2.700,00 €
Total	2.700,00 €

482.11- Bolsas Colaboración

Imputaranse o custo dunha bolsa de colaboración de xestión.

Previsión	Importe
Bolseira/o (7 meses)	3.045,00€
Total	3.045,00€

625.- Investimento en mobiliario e equipamento:

Neste concepto inclúense os gastos que se efectúen con destino os investimentos que vaian entrar por primeira vez en funcionamento como mobiliario en xeral (sexan de madeira, metálicos ou doutro material), equipos de oficina, tales como máquina de escribir, calcular, fotocopiadoras, arquivadores, etc.

Previsión	Importe
Equipos informáticos	9.400,00 €
Reposición mobiliario	5.000,00 €
Total	14.400,00 €

DISTRIBUCIÓN DO CRÉDITO POR CONCEPTOS

ART	CPTO	SUBC	DENOM. DO GASTO	PREV GASTOS	DOTACIÓ N	DIFERENCI A
22	220		Mat., subministracións e outros Mat. oficina	7.755,00 €	10.800,00 €	+3.045,00
		221.02	Subministracións docentes	17.299,00 €	17.299,00 €	0,00
	222		Comunicacións	2.250,00 €	2.250,00 €	0,00
	223		Transportes		0,00	0,00
	227	227.09	Traballos realizados por outras empresas	5.400,00 €	5.400,00 €	0,00
	228	228.02	Cursos e conferencias	1.350,00 €	1.350,00 €	0,00
				TOTAL VINCULANTES ART. 22	34.054,00 €	37.099,00 €
23	230		Indemnizacións por razóns do servizo			
			Dietas e locomoción TOTAL ART.23	2.700,00 € 2.700,00 €	2.700,00 € 2.700,00 €	0,00 0,00
28	280.02		Producción docente	0,00	0,00	0,00
			Centros TOTAL ART. 28	0,00	0,00	0,00
48			Transferencias correntes			
		482.24	Bolseiros colaboradores TOTAL ART. 48	3.045,00 0,00	0,00 0,00	-3.045,00 0,00
		226.01	ATENCIÓNS PROTOCOLARIAS	2.715,00 €	2.715,00 €	0,00
		229.03	DELEGACIÓN DE ALUMNOS	2.800,00 €	2.800,00 €	0,00
		229.04	PRÁCTICAS DE CAMPO	4.860,00 €	4.860,00 €	0,00
62	625		Investimento asociado os servizos			
			Mobiliario e equipamento TOTAL ART. 62	14.400,00 € 14.400,00 €	14.400,00 € 14.400,00 €	0,00 0,00
TOTAL				64.574,00 €	64.574,00 €	0,00

Disposicións adicionais: **1ª.-** Autorízase ó Director ou Administradora para aprobar gastos por importe superior á dotación dos conceptos indicados, cando pola necesidade inaprazable do gasto sexa necesario reaxusta-lo crédito inicial, sen que iso poida supor un incremento do presuposto global. **2ª.-** Autorízase ó Director ou Administradora para propoñer, ó Reitor ou Xerente, as transferencias de crédito que sexan necesarias para reaxusta-lo crédito dos distintos conceptos cando o estado de execución do presuposto así o faga necesario.

REPARTO SUBMINISTRACIÓNS DOCENTES 2012 (221.02)

CÓDIGO/ÁREAS	HORAS [2011]	HORAS[2012]	2012
065/CC. DOS MATERIAIS E ENX. METALÚRXICA	330	685	1723.61
265/ESTADÍSTICA E INVESTIGACIÓN OPERATIVA	250	165	415.18
280/ESTRATIGRAFIA	75	0	0.00
295/EXPLOTACIÓN DE MINAS	570	762.5	1918.62
305/EXPRESIÓN GRÁFICA NA ENX.	220	210	528.41
345/FILOLOXIA INGLESA	30	30	75.49
385/FÍSICA APLICADA	350	360	905.84
505/ENX. CARTOGRAFICA	225	280	704.54
515/ENX. DOS PROCESOS DE FABRICACIÓN	30	30	75.49
520/ENX. DE SISTEMAS E AUTOMÁTICA	195	165	415.18
535/ENX. ELÉCTRICA	450	540	1358.76
545/ENX. MECÁNICA	135	142.5	358.56
555/ENX. QUÍMICA	415	405	1019.07
590/MÁQUINAS E MOTORES TÉRMICOS	570	745	1874.58
596/MATEMÁTICA APLICADA	605	500	1258.11
600/MECÁNICA DE FLUIDOS	165	270	679.38
605/MEC. DOS MEDIOS CONTINUOS De ES.	270	285	717.12
650/ORGANIZACIÓN DE EMPRESAS	165	330	830.35
710/PROSPECCIÓN E INVESTIGACIÓN MIN.	400	395	993.91
720/PROXECTOS DA ENXEÑERÍA	90	90	226.46
785/TECNOLOXÍA ELECTRÓNICA	150	120	301.95
790/TECNOLOX. MEDIO AMBIENTE	210	365	918.42
TOTAIS	5900	6875	17.299,00